

CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA REALIZAR PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES NON REMUNERADAS POR PARTE DO ESTUDANTADO DO GRAO EN BIOLOXÍA OU CIENCIAS DO MAR

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar formalizou coa Universidade de Vigo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o momento da súa sinatura e cunha duración de catro anos.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular as prácticas académicas externas do alumnado da Universidade de Vigo no Centro de Investigacións Mariñas da Consellería do Mar co fin de facilitar a preparación para o exercicio profesional do estudantado en áreas operativas relacionadas coa súa formación universitaria e as posibles saídas profesionais desde os estudos cursados na Universidade de Vigo. Así, promoverase o futuro desenvolvemento profesional e o acceso ao mercado laboral das futuras persoas tituladas universitarias.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Consellería do Mar, correspóndenlle as funcións, entre outras, da investigación mariña, que se desenvolverá en coordinación coa consellería competente en materia de investigación e desenvolvemento tecnolóxico.

A Consellería do Mar ten interese en colaborar no sistema de formación do alumnado da Facultades de Biología e de Ciencias do Mar da Universidade Vigo, dado que ambas as dúas entidades consideran necesario un maior achegamento entre o ámbito laboral e a universidade, co obxecto de facilitar a futura inserción laboral do alumnado

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cm.dxdesevolvimento@xunta.gal



universitario egresado mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas externas, acadando ao mesmo tempo a mellor cualificación e inserción no ámbito laboral.

O Centro de Investigacións Mariñas (CIMA), dependente funcionalmente da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, exerce as funcións relativas á actividade investigadora e, particularmente, as referidas ás áreas de procesos oceanográficos costeiros, recursos mariños, acuicultura e patoloxía.

O alumnado atoparase nun entorno de traballo exclusivamente investigador, este feito favorecerá a súa formación posto que coñecerá de primeira man como é o día a día na investigación mariña en Galicia. Compartirá horas de laboratorio nas que coñecerá e porá en práctica técnicas de histoloxía, técnicas moleculares, técnicas de reprodución e cultivo de moluscos bivalvos vivos, complementadas cos traballos de campo con saída á toma de mostras, para completar este tipo de actividade aprenderá a planificar unha mostraxe, desde a delimitación das zonas, as ferramentas necesarias para a obtención das mostras, así como o seu manexo e conservación ata as instalacións do CIMA. A formación que recibirá no CIMA é de carácter eminentemente práctica, aínda así disporá do acceso a unha das bibliotecas en materia de bioloxía do recursos mariños vivos máis ampla de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro
Marta Villaverde Acuña
(*asinado dixitalmente*)

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal

